

# eu RAZO BALDAIO

Coñecer  
para valorar

*Praias de  
plástico*



[www.carballo.gal/euqueroRB](http://www.carballo.gal/euqueroRB)

# Praias de plástico



Os residuos vertidos no mar teñen graves consecuencias para a os ecosistemas mariños: máis de 1.000.000 de aves mariñas e 100.000 mamíferos e tartarugas morren cada ano enredados ou por inxesta do lixo mariño. Tamén pode afectar directamente á saúde humana, xa que moitos destes produtos conteñen substancias tóxicas, bioacumulativas e persistentes, que entran na cadea alimentaria. Outro dos problemas asociados a estes residuos, é que provocan perdas económicas importantes, debido a que diminúen a pesca comercial e degradan lugares aptos para actividades recreativas e turísticas, ademais de supoñer un enorme gasto de limpeza de praias.

## Que son os microplásticos?

Son todas as partículas de plásticos menores de 5 mm. Estas micro partículas están estendidas masivamente polos ecosistemas mariños, de auga doce, nos solos e xa tamén no interior do noso corpo. Funcionan como un imán, teñen a propiedade de atraer substancias contaminantes como restos de hidrocarburos ou pinturas, isto fai que a súa inxestión aínda sexa

máis perigosa.

O 100% dos cetáceos analizados pola CEMMA presentan plástico no interior do seu corpo.

## De onde veñen?

- Da degradación doutros plásticos de maior tamaño.
- Da fricción dos pneumáticos dos automóviles co asfalto, coas chuvias as micro partículas xunto con restos de hidrocarburos son arrastradas aos cursos fluviais e logo ao mar.
- Cosméticos (pasta de dentes, cremas exfoliantes, champus, brillantina... conteñen microplásticos, fíxate na súa etiqueta).
- Produtos de hixiene: Toallitas desbotábeis, fío dental, bastoncillos dos ouvidos, compresas, tampóns... (evita o seu uso e se o usas, nunca o tires polo WC).
- Fibras do estropaxo e sobre todo as fibras da roupa sintética que se desprenden co roce no lavado (Este é a orixe do 35% dos microplásticos).
- Fibras das cabichas dos cigarros, veñen acompañadas de substancias tóxicas.



## Como afectan ao medio mariño?

Os microplásticos son persistentes, flotan na superficie, suspéndense na columna de auga ou se depositan no fondo. Son inxeridos polos organismos mariños integrándose na cadea trófica ate chegar ao noso prato. Isto no mellor dos casos, moitos peixes, cetáceos e aves morren por intoxicación non podendo completar a súa función no ecosistema. A mobilidade destas partículas fai que cheguen a lugares moi moi lonxanos de onde de verteron, por exemplo ao polo ártico. O 100% da orixe dos microplásticos é antropoxénica.



## Que podo facer?

A mellor maneira de actuar ante este problema é reducir o consumo diario de plástico, reutilizar o máximo posible e reciclar. Tamén podemos botar unha man, pasando á acción directa e retirando o plástico acumulado nas nosas praias.

Xa estás colaborando nas limpeza de praias, polo que denota interese pola conservación do medio natural. Agora, axúdanos a trasladar esta información a máis persoas para evitar no máximo posible produtos de usar e tirar, plásticos e sobre todo nunca nunca vertelos as augas residuais, as depuradoras non son capaces de detectalos e con toda seguridade rematarán no mar!!



**Contidos:**

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

**Edita:**

Concello de Carballo